

A MIÑA PEOR DECISIÓN

Todo cambiou aquel ano que modificou a miña existencia e a de todos aos que eu quería. Eu son Anxo e vouvos a contar o que ocorreu.

Era xaneiro de 2020, acababa de comezar unha nova década, e o ano anterior, non fora moito do meu agrado, xa que tivera varios conflitos. Ese ano ía cumprir os 20, e miña ilusión era que aquel fora para min un ano inesquecible, especial, pero o que non esperaba era que o fose dese xeito.

Un día entrou a miña irmá Naira ao salón, onde estábamos os meus avós e máis eu. Viña a contarnos a nova que acababa de escoitar na televisión. Dixo que en China xurdira unha enfermidade moi contaxiosa, que afectaba sobre todo ás persoas maiores e as que tiñan algún problema de saúde. Era tan grave que mesmo podía rematar coa morte destes. Chamábanlle “coronavirus”. A miña primeira reacción, foi botarme a rir, xa que era un dos nomes máis chistosos que eu escoitara. A miña avoa rifoume, por que ela sempre dicía que se te ris do mal do mal do veciño, venche o teu polo camiño. Porén, seguía sen preocuparme, aínda sabendo que cada vez se atopaba máis cerca do noso país e que morrían moitas persoas todos os días. Sendo sincero, non me importaba nada do que pasara co virus ese.

Poucas semanas máis tarde, na miña casa todos comezaron a poñerse nerviosos cando as noticias comezaron a dicir que a ameaza estaba cada vez máis preto. Os meus pais, tiñan diabetes e os meus avós eran xa maiores, polo que Naira choraba todas as noites, xa que non quería que lles pasara nada. A min todo aquilo me parecía unha parvada e ríame do seu dramatismo. O único no que pensaba era en acadar todas as miñas metas nese ano que eu cría que sería o mellor.

Unha semana antes do meu vixésimo aniversario, o goberno estableceu un confinamento, que supuxo o peche de escolas e establecementos, deixando só os servizos básicos. Cando me enterei disto, comecei a poñerme en contacto cos meus amigos para comprar e preparar todo para facer un “botellón” no meu día. Ninguén, nin un virus ía impedir a miña súper festa.

E por fin, chegou o gran día. Escapara da casa pola tarde e xunteime cos meus amigos a beber nun parque da vila. Foi unha tarde increíble, coma eu esperaba. Esa noite ao chegar á casa rifáronme, pero non me importou porque conseguín o que eu me propuxera.

Dous días despois, un dos meus amigos, que estivera na festa, deu positivo en coronavirus, e xa rápido Naira, preguntoume se estivera con el, pero para que non me dera a lata díxenlle que non. Pero á semana seguinte comecei a tusir e ter algo de febre. Deseguido, a miña irmá tamén comezou a sentirse mal, e con iso, os meus pais comezaron a desgustarse. Eu tratei de disimular, pero os meus intentos foron en van. Unha quincena máis tarde, todos na miña casa estabamos infectados polo COVID-19. Aínda así, eu seguía sen darlle importancia. Ata ese día, no que os meus avós e o meu pai tiveron que ser hospitalizados, xa que non podían case nin respirar. Nese momento dinme conta da gravidade do asunto. Cando supostamente lles ían dar a alta aos tres, recibimos a nova de que os meus queridos avós xa non estaban. Deixáranos. Estaban mortos. Co desgusto, tiveron ingresar á miña irmá, xa que a tensión vivida agravara o seu problema do corazón. Tiven que quedar só na casa, porque a miña nai quedaba no hospital a coidar de meu pai e de Naira.

O que pode cambiar a vida... un mes antes, eu estaba xogando co meu avó ás cartas, a miña avoa tecía, meu pai facía de comer xunto a Naira, e miña nai estaba traballando na mesma universidade á que eu asistía. Agora, xa non tiña contrincante nos xogos de mesa, nin ninguén que me fixera as bufandas para o inverno.

Unha tarde chamaron á casa dicindo que tiveran que ingresar aos meus pais na UCI, por estar moi expostos ao virus no hospital, e mandaron a Naira para casa. Á mañá seguinte chamaron de novo, pero non para darnos boas novas. Naira e mais eu estábamos sós, xa que os meus pais acababan de deixar de respirar... estarían acompañando xa aos nosos avós? Non sei, pero teño a esperanza de que nos coiden dende alí. Todo isto, por culpa do meu egoísmo. Se non houbera quedado cos meus amigos, quizáis estaríamos todos xuntos agora, máis iso xa nunca o saberei.

Elena Rego Blanco